



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 8

**Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora
da viabilidade dos bosques**

Submedida 8.2

**Axuda para o establecemento e
mantemento de sistemas agroforestais**

Índice

1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques	3
1.1. Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais	3
1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?	4
1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3. Como se outorga a axuda?	4
1.1.4. Que tipo de gastos se financian?	4
1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	5
1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?	6
1.1.7. A canto ascende esta axuda?	6
1.1.8. Quen xestiona esta axuda?	6
1.1.9. Marco normativo	7
1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados	7

1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Aínda que os incendios son unha das maiores ameazas dos bosques galegos, para o que hai que traballar intensamente na súa prevención, existen outros factores que tamén afectan as masas forestais como son as pragas, enfermidades e o incremento de fenómenos meteorolóxicos danifios. Incidir nestes factores, así como no fomento das empresas asociadas ao medio forestal, é o obxectivo desta medida do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Destaca ademais, a contribución da conservación das masas forestais á mitigación e adaptación ao cambio climático, loita contra a desertización e a conservación da biodiversidade.

Para lograr este obxectivo, artículanse seis submedidas:

- ✓ Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais
- ✓ Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais
- ✓ Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.4 Axuda para a reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais
- ✓ Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais

1.1. Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais

Os sistemas agroforestais constitúen un importante elemento de desenvolvemento que consegue combinar de forma sustentable a actividade forestal coa agrícola ou gandeira, ademais de asegurar a conservación dos valores ambientais do territorio. O obxectivo desta medida é o apoio da implantación de sistemas agroforestais, especialmente nas zonas de montaña.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

En virtude desta medida fináncianse a implantación de sistemas agroforestais, así como os labores de mantemento e limpeza durante os primeiros anos de implantación. Estes labores inclúen operacións de rozas, clareos, limpas, podas de formación e accións de protección.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios de esta axuda:

- ✓ Os titulares de terreos forestais privados, entendendo por titular tanto a propietarios como a arrendatarios ou xestores
- ✓ Agrupacións de propietarios formalmente constituídas ao amparo do establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e inscritas no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Galicia
- ✓ Os constituíntes de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo (tamén chamadas montes de socios)
- ✓ As sociedades de fomento forestal (SOFOR) definidas no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro
- ✓ As mancomunidades e comunidades de montes veciñais en man común
- ✓ Os concellos e as entidades locais menores titulares de montes

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda adoptará a forma de subvención aos proxectos de investimento seleccionados a través de convocatoria pública en concorrencia competitiva. Para o mantemento adoptará a forma dunha prima anual por hectárea que cubra os custos nos sistemas agroforestais subvencionados durante un período máximo de 5 anos (3 primas).

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Os custos subvencionables son os relativos a:

- ✓ Establecemento de sistemas agroforestais mediante plantación: os custos do material e plantación, incluíndo o almacenamento e tratamento de plántulas con materiais de protección necesario e a prevención. A forestación ou reforestación realizada deberá seguir o protocolo técnico establecido polo Comité Nacional de Mejora y Conservación de Recursos Genéticos Forestales.



- ✓ Preparación de proxectos de investimento e plans de xestión silvopascícola
- ✓ Establecemento de sistemas agroforestais mediante a talla de árbores: custos da talla de árbores, o clareo, poda e a protección das árbores contra o pastoreo de animais (tubos de protección, cercados,...)
- ✓ Calquera outros gastos directamente relacionados coa creación de sistemas agroforestais: análise do solo, preparación e protección do solo,...
- ✓ Tratamentos silvícolas en masas de Quercus pyrenaica, e Pinus spp, entre outros, diminuíndo a densidade, para implantar sistemas agroforestais.
- ✓ Instalacións de protección.
- ✓ Implantación de soutos de castiñeiro en montes para a produción de froito e outros produtos complementarios.
- ✓ Infraestruturas forestais de apoio ao sistema agroforestal (cintos ou franxas de árbores, podas de formación, cercados ou peches, pasos canadenses, bebedoiros, accesos,...)
- ✓ O mantemento do sistema agroforestal por un período máximo de 5 anos a través da prima por hectárea en 3 anos posteriores á implantación.
- ✓ O mantemento incluírá accións de protección e outros investimentos directamente relacionados coa creación e o mantemento de sistemas agroforestais: cercados ou tubos de protección individual, o establecemento ou mantemento de bebedoiros para os animais,...

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

- ✓ A partir da data establecida na disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, só poderán ser elixibles aquelas superficies que dispoñan de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, ou de instrumentos equivalentes.
- ✓ A fracción de cabida cuberta (FCC) en masas de Quercus pyrenaica, e Pinus spp, entre outros, para implantar sistemas agroforestais, estará comprendida entre non menos do 25 % e non máis do 50 %.
- ✓ A densidade de pés por ha estará comprendida entre 40 e 200
- ✓ A selección de especies de plantación para o establecemento de sistemas agroforestais deberá adaptarse ás condicións ambientais e climáticas da zona. Serán subvencionables as especies arbóreas dos xéneros Castanea, Pinus, Prunus, Juglans, Fraxinus, Betula e Quercus fundamentalmente, e os cultivos de cereal, especies forraxeiras (herbáceas e leñosas) e arbustivas de froito (arando, silva, framboesa,...). Non serán subvencionables as especies do xénero Eucalyptus.
- ✓ Non se actuará en hábitats definidos como prioritarios pola Directiva 92/43/CEE, para



así garantir que non se vexan afectados os obxectivos de conservación destes lugares.

- ✓ As plantacións en terreos incluídos en Rede Natura 2000, de conformidade coas Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE, deberán ser informadas polo organismo competente en materia de conservación da natureza.
- ✓ A axuda de mantemento é incompatible coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outro réxime de axuda comunitaria, excepto as procedentes das axudas dos artigos 24 e 25 do Regulamento (UE) 1305/2013
- ✓ Para ser considerado sistema agroforestal deberá existir un aproveitamento agrícola ou gandeiro simultaneamente coa presenza de arborado.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes.

Aínda que en termos xeográficos esta submedida será de aplicación en toda Galicia, para a súa implantación darase prioridade a aquelas superficies situadas en zonas de montaña, segundo o definido no artigo 32 do R(UE) 1305/2013 con escasa superficie agraria útil e existencia de gandería extensiva e ás superficies desarboradas sobre as repoboadas ou de bosque.

Valorarase a existencia dun plan de xestión silvopastoral da explotación onde se integren a información dos recursos existentes na explotación así como as liñas principais de manexo do gando e mellora dos seus pasteiros así como a compatibilización do uso gandeiro co arborado e a presenza de especies cinxéticas e a súa correcta xestión.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda será do 80% dos custos elixibles.

No caso da prima de mantemento o valor máximo por hectárea de actuación será de:

- ✓ 100 plantas/ha (10*10) en plantacións de planta inxertada: 400 €
- ✓ 69 plantas/ha (12*12) en plantacións de planta inxertada: 350 €
- ✓ 50 plantas/ha (14*14) en plantacións de planta inxertada: 300 €

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.



1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia
- ✓ Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal
- ✓ Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- ✓ Decreto 45/2011, de 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro
- ✓ Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras de Galicia
- ✓ Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información da Xunta de Galicia sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion/>
- ✓ Comité Nacional de Mellora e Conservación de Recursos Xenéticos Forestais (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)





http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/recursos-geneticos-forestales/rgf_comite_co_mejora_conservacion.aspx

- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Estratexia da UE en favor dos bosques e o sector forestal
<http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52013DC0659&from=ES>
- ✓ Plan de Activación Socioeconómica do sector forestal (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/>
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.7.3.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

